

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA), a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e dos seus deputados **Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Juan M. Fajardo Recouso, Antón Sánchez García e Xosé M. Beiras Torrado**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para debate en **Comisión, relacionada co estado do centro de saúde de Cee**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A situación da atención primaria no noso país ven marcada por unha sorte de recortes orzamentarios consecutivos que deixan coma consecuencia un abandono progresivo da mesma. A situación previa ao inicio da crise xa non era moi boa en moitos centros de saúde, a antigüidade da construción de moitos de eles supuña en moitos casos obsolescencia de instalacións e barreiras arquitectónicas.

Ademais, cando a titularidade e mantemento dos centros debería xa estar a cargo da Consellería de Sanidade; isto non se está a cumprir, impedindo nalgúns casos a rehabilitación necesaria nos edificios.

O progresivo adelgazamento do mantemento dos mesmos trae coma consecuencia a progresión do deterioro ata límites insostibles nalgúns casos, coma é o do centro de saúde de Cee.

O edificio do mesmo atópase en estado case de ruína, cun deterioro moi avanzado en infraestruturas e instalacións. Feito que ten causado algún accidente grave coma o desprendemento dun radiador de ferro sobre unha cativa de 16 meses o pasado mes de Decembro.

Calefacción que non funciona, instalación eléctrica e tubaxes deterioradas e importantes humidades que poden afectar á integridade dos teitos de este centro.

Por todo o exposto, **Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA- ANOVA)** presenta a seguinte proposición **Proposición non de lei**:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Levar a cabo unha reforma urxente do Centro de Saúde de Cee, que alomenos atenda os problemas da cuberta, humidades, instalación eléctrica e calefacción. Así coma renovación do mobiliario e aparataxe obsoleta.

2.- Instar ao Concello a iniciar ou continuar os trámites para asumir a titularidade e mantemento do centro, reclamando, se aínda non estivese aportada, a documentación pertinente.

Compostela, 17 de febreiro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 18/02/2016 12:42:04

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 18/02/2016 12:42:13

Anton Sánchez García na data 18/02/2016 12:42:15

Ramón Vázquez Díaz na data 18/02/2016 12:42:19

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 18/02/2016 12:42:23



Jose Javier Ron Fernandez na data 18/02/2016 12:42:26